

ANUNCIO 1/2022 : AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CARTELLE

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

1. TR341Q – BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMOAS. DOGA DO 30/12/2021.

Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial ou profesional das persoas beneficiarias desta orde, mediante pagamento anticipado, unha subvención dun 80 % da actividade que se vaia subvencionar cun límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, e o resto do gasto será por conta da persoa beneficiaria.

Prazo de presentación: 14/01/2022 - 14/02/2022

2. TR341D – PROGRAMA I. PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO. DOGA DO 30/12/2021

A finalidade deste programa é a concesión dunha axuda económica a aquelas persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.

Ao abeiro desta orde subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nela, se formalicen desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2022, ambos inclusive.

Prazo de presentación: ata o 30/09/2022

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

- 3. IG501A - AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020. DOGA DO 03/01/2021. PRAZO: ATA O 08/03/2022.**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- 4. PR487A - SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DENTRO DO PLAN ESPECÍFICO DE ACCIÓN COMUNITARIA DESTINADO A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CONFEDERACIÓNS, FEDERACIÓNS OU UNIÓN DE ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA. DOGA DO 14/02/2022.**

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociacións de mulleres rurais de Galicia (en diante, entidades), para realizar investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos cales lles corresponda o dereito de uso, e traídas de auga veciñais, coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. **PRAZO: ATA O 14/02/2022**

- 5. PR949A - SUBVENCIÓNS A FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS, CLUBS E SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS. DOGA DO 05/01/2022. PRAZO: ATA O 07/02/2022**

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- 6. VI406D - Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes en municipios de reto demográfico, con carácter plurianual. DOGA DO 04/11/2021. PRAZO: DO 03/01/2022 ATA 30/09/2022 OU ESGOTAMENTO DO CRÉDITO. REHABILITACIÓN DE VIVENDAS CON AFORRO ENERXÉTICO.**

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

- 7. RESOLUCIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2021** POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS CORRESPONDENTES AOS PROGRAMAS INCENTIVOS 1, 2 E 3 VENCELLADOS AO AUTOCONSUMO E AO ALMACENAMENTO NO SECTOR SERVIZOS E NOUTROS SECTORES PRODUTIVOS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA EUROPEO (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IN421W). DOGA DO 06/10/2021

- 8. RESOLUCIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2021** POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS CORRESPONDENTES AOS PROGRAMAS DE INCENTIVOS 4 E 5 VENCELLADOS AO AUTOCONSUMO E AO ALMACENAMENTO NO SECTOR RESIDENCIAL, AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E O TERCEIRO SECTOR NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (CÓDIGOS DE PROCEDEMENTO IN422J E IN422K) DOGA DO 09/11/2021

- 9. RESOLUCIÓN DO 28 DE OUTUBRO DE 2021** POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE INCENTIVOS 6 VENCELLADO Á REALIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE ENERXÍAS RENOVABLES TÉRMICAS NO SECTOR RESIDENCIAL, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA EUROPEO, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU (CÓDIGOS DE PROCEDEMENTO IN422L E IN422M) DOGA DO 09/11/2021

- 10. IN421P - AXUDAS PARA PROXECTOS DE BIOMASA DESTINADAS A PARTICULARES. DOGA DO 18/01/2022. PRAZO: DENDE 01/03/2022 ATA 01/07/2022** OU ESGOTAMENTO DO CRÉDITO. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible. En concreto, os proxectos de biomasa que se subvencionaran son os do grupo: A1 Estufas de aire, cociñas calefactoras, A2 Cambio de queimadores existentes que non sexan de biomasa, B1 Equipamentos térmicos que utilicen leña, hidroestufas ou insert/cheminea de auga, B2 Caldeiras de pélets con volume de acumulación de combustible inferior a 1000 l, e B3 Caldeiras de pélets con volume de acumulación de combustible maior o igual a 1000 l

INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO

- 11. MT402A - PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓN DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS DESTINADAS A PARTICULARES. DOGA DO 19/01/2022. PRAZO: ATA O 19/02/2022. AXUDAS PARA REMATE DE FACHADAS VIVENDAS**

Cartelle, 21 de xaneiro de 2022

Asdo.: O Técnico

Miguel Angel Martínez Armada

